



Concello de Ortigueira

A.- BASES DO CONCURSO DE DISFRACES

O Concello de Ortigueira convoca o concurso de disfraces de Entroido 2020, que se celebrará o luns 24 de febreiro, de conformidade coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar: disfraces individuais, parellas e tríos, grupos de 4 a 10 integrantes, grupos de 11 ou máis integrantes e asociacións ou centros educativos do municipio.

SEGUNDA.- O desfile terá lugar o luns 24 de febreiro de 2020 ás 21:00 h. A inscrición será gratuíta e os que desexen participar deberán facelo antes das 14:00 horas do venres 21 de febreiro no Concello de Ortigueira ou chamando ao teléfono 981 40 00 00. Tamén se poderán inscribir o propio día 24 de febreiro na Biblioteca Municipal "Fernández Latorre" de 19:00 a 20:00 horas.

TERCEIRA.- Os/as concursantes deberán recoller na Biblioteca Municipal "Fernández Latorre" un número de orde que levarán nun lugar visible do disfraz. É obrigatorio a participación no desfile de todos/as os/as participantes e que terá inicio ás 21:00 h. na Biblioteca Municipal finalizando na carpa situada na Alameda de Ortigueira. Debe seguirse a orde establecida e respectar as paradas e á velocidade do desfile estipulada pola organización (que o irá acompañando en todo momento).

CUARTA.- Os/as concursantes que non figuren no listado oficial ou se presenten fora do prazo estipulado non poderán participar no concurso.

QUINTA.- Establécense as seguintes categorías:

-Individual

Na modalidade individual só poderán participar os maiores de 12 anos.

-Parella ou Trío.

Na modalidade parella ou trío poderán participar os menores de 12 anos sempre que vaian acompañados dunha persoa adulta que debe ir tamén disfrazado.

-Grupos de 4 a 10 integrantes

A maioría dos compoñentes deberán ser maiores de 12 anos. No caso de que haxa algún menor desa idade deberá ir acompañado por unha persoa adulta, debidamente disfrazada e formando parte do grupo.

-Grupos de máis de 11 integrantes

A maioría dos compoñentes deberán ser maiores de 12 anos. No caso de que haxa algún menor desa idade deberá ir acompañado por unha persoa adulta, debidamente disfrazada e formando parte do grupo.

-Asociacións ou Centros Educativos do municipio

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

A modalidade de disfrace de asociacións ou centros educativos está destinada á participación de grupos vinculados aos distintos centros educativos ou asociacións municipais, o xurado deberá ter en contra o traballo en grupo, e a participación colectiva ou interxeracional .

Para participar nesta modalidade será obrigatorio un mínimo de 10 integrantes, sendo a maioría socios do colectivo ao que representan.

A inscrición nesta categoría é excluínte do resto de categorías.

SEXTA.- No caso de menores de idade as inscricións e recollidas de premios deberán ser efectuadas por un adulto.

SÉPTIMA.- Establécense os seguintes premios:

-Individual:

1º Premio: 100 euros.

2º Premio: 75 euros.

3º Premio: 50 euros.

-Parella ou trío:

1º Premio: 200 euros.

2º Premio: 150 euros.

3º Premio: 100 euros.

-Grupos de 4 a 10 integrantes:

1º Premio: 400 euros.

2º Premio: 300 euros.

3º Premio: 200 euros.

-Grupos de 11 integrantes ou máis:

1º Premio: 700 euros.

2º Premio: 500 euros.

3º Premio: 300 euros.

-Asociacións ou Centros educativos do Municipio:

Único Premio: 500 euros

OITAVA.- O pago dos premios efectuaranse mediante transferencia bancaria á persoa gañadora ou representante do grupo (no caso de menores de idade efectuarase a unha conta bancaría da que sexa titular o pai, nai ou titor/a legal do menor)

Os premios para Asociacións ou Centros Educativos do municipio, será ingresado nunha conta bancaria da que sexa titular a entidade.

Os pagos de importes superiores a 301€ terán unha retención 19% do IRPF.

NOVENA.- O Xurado estará formado polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, persoal dos distintos departamentos do Concello e

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

representantes de distintas Asociacións ou colectivos nomeados polo Concello.

DÉCIMA.- Os membros do Xurado non poderán en ningún caso participar neste concurso.

UNDÉCIMA.- O xurado estará observando e valorando as presentacións e posta en escena dos disfraces na carpa situada na Alameda.

DUODÉCIMA.- O tempo de duración da coreografía que se exhiba na carpa deberá estar comprendido aproximadamente entre 2 e 4 minutos ca finalidade de non demorar a mostra, podendo a organización deter a exhibición e dar paso á seguinte se esta se prolongase máis do debido.

DÉCIMO TERCEIRA.- Durante o desenvolvemento do desfile, o Xurado valorará:

- O vestiario e estética dos participantes
- A creatividade na realización dos disfraces así como o traballo e orixinalidade.
- A posta en escea e animación.
- E calquera outro criterio que estime conveniente.

DÉCIMO CUARTA.- O Xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar que os disfraces non reúnen as condicións precisas. Tamén poderá modificar os premios, en caso de non haber unanimidade, ou en caso de empate. O fallo do Xurado será inapelable.

DÉCIMO QUINTA.- Todos os participantes (incluída a totalidade dos grupos e comparsas e asociacións ou centros educativos) deberán estar presentes fisicamente na entrega dos premios para optar aos mesmos, exceptuando menores, que non se esixirá a súa presenza por cuestións de horario.

DÉCIMO SEXTA.- No caso de que por razóns climatolóxicas non puidese realizarse o percorrido, será trasladado á carpa instalada na explanada da Alameda.

DÉCIMO SÉPTIMA.- A participación no concurso de disfraces implica a aceptación destas bases.



Concello de Ortigueira

B.- XXIV XORNADA GASTRONÓMICA DE DOCES DO ENTROIDO 2020

O Concello de Ortigueira convoca a XXIV edición da Xornada Gastronómica de Doces do Entroido 2020, que se celebrará o domingo 23 de febreiro, de conformidade coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar veciñas e veciños do Concello a título persoal. Non se aceptará a participación de entidades ou empresas do ramo da hostalería nin de calquera outro sector afín.

SEGUNDA.- A inscrición será gratuíta. Tódalas persoas que desexen participar deberán inscribirse antes do venres 21 de febreiro no Concello ou chamando ao teléfono 981 40 00 00.

TERCEIRA.- As sobremesas deberán ser presentadas obrigatoriamente nas bandexas entregadas gratuitamente pola organización no momento da inscrición.

CUARTA.- A entrega de doces efectuarase o día 23 de febreiro, de 18:00 a 19:00 horas, no lugar concertado no momento da inscrición. Os doces presentados fóra do devandito prazo non participarán no concurso.

O fallo do Xurado será o mesmo día, ás 19:00 horas. A continuación da entrega de premios procederase a unha degustación popular na carpa instalada na explanada da Alameda.

QUINTA.- Establécense as seguintes categorías:

- Orellas
- Bolas
- Freixós
- Pistrinos

É obrigatorio participar cunha cantidade mínima dunha ducia, podendo facelo en tódalas categorías que se desexe.

SEXTA.- Establécense os seguintes premios:

- 1º PREMIO: de cada categoría, 100 euros
- 2º PREMIO: de cada categoría, 75 euros

O Concello de Ortigueira, cara a fomentar a participación asociativa do municipio, subvencionará cun importe dun máximo de 150€ a cada asociación que presente un número igual ou superior a 10 bandexas de doces de distintos socios/as da entidade.

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

Para este fin habilitase unha partida máxima de 750€ que será repartida entre todas as entidades participantes e nunca superará o importe de 150€ a cada unha.

SEPTIMA.- O Xurado estará formado polo Alcalde ou Concelleiro en quen delegue, e representantes de distintas Asociacións ou colectivos nomeados polo Concello.

OITAVA.- O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios no caso de considerar que non reúnen as condicións precisas. O fallo do xurado será inapelable.

NOVENA.- A participación no concurso implica a aceptación destas bases".



Concello de Ortigueira

ANEXO I

FORMULARIO DE INSCRIPCIÓN NO CONCURSO DE DISFRACES 2020 DE ENTROIDO DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA

Categoría:
Nome do disfraz:
Participante ou representante legal do grupo:
DNI/CIF:
Enderezo:
Poboación / C.P.
Teléfono de contacto:
Correo electrónico:

Autorización expresa:(en caso de menores de idade)
Datos do/os pai nai titor/a que autoriza expresamente a participación do menor e asume plenamente a responsabilidade da súa participación neste concurso

Nome e apelido (pai, nai,titor/a)	DNI	Teléfono	Sinatura

O/a que asina é coñecedor e acepta as Bases específica que rexen o desfile e o concurso de disfraces de Entroido do Concello de Ortigueira.

Ortigueira, dede 2020

Sinatura do/da participante ou representante do grupo

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

ANEXO II

DECLARACIÓNS DOS/AS PREMIADOS/AS

Nome do disfraz:

Participante ou representante legal do grupo:

DNI/CIF:

Enderezo:

Poboación / C.P.

Declara:

1º Que o colectivo que represento ou as persoas físicas participantes no caso de grupos, parellas ou persoas participantes de xeito individual, esta ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguidade Social, nos termos establecidos na Lei xeral de Subvencións.

2º Que acepto o premio recibido no concurso de:.....na categoría de:.....

3º Solicito que o Concello de Ortigueira faga efectivo o premio na conta bancaria da miña titularidade (achegarase certificado bancario):

IBAN	Código entidade	Código sucursal	Dixito control	Número de conta

Ortigueira, dede 2020

Sinatura do/da participante ou representante

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 (A Coruña). Tfno. 981400000. Fax: 981402536